



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE VILANOVA DE AROUSA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Orde do 21 de decembro de 2023, aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o trienio 2024-2026.
2. A Confraría de Pescadores de Vilanova ten aprobado un *Plan de Xestión de Moluscos Bivalvos a Pé, en Zonas de Autorizacións* (PE403A 2023/16-5), para o período 2024-2026.
3. O 7 de agosto de 2025, a Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa solicita o inicio dun proceso selectivo para a cobertura de 13 (trece) prazas de marisqueo xeral a pé.
4. O *plan de xestión de moluscos bivalvos a pé en zonas de autorizacións* (PE403A 2023/16-5), foi adaptado en data 30.09.2025, no apartado correspondente a "*Participantes no plan de xestión*", para establecer un número máximo de 212 participantes no ano 2025 e 212 participantes no ano 2026.
5. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 1 de outubro de 2025, publícase a convocatoria dun proceso selectivo para a cobertura de **trece (13) prazas** de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, modalidade de marisqueo xeral a pé, na confraría de pescadores de Vilanova de Arousa. O proceso desenvólvese en dúas quendas, unha xeral de doce (12) prazas e outra dunha (1) praza, para aquelas persoas que se atopen en circunstancias socio-económicas de especial necesidade (quenda especial).
6. En data 4 de novembro de 2025, foi publicado un requirimento para que as persoas alí indicadas emendasen a súa solicitude, segundo o disposto no apartado I.4. das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas.
7. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 13 de novembro de 2025, publicouse a lista provisional de admitidos no proceso selectivo, coa puntuación acadada e as solicitudes que foron excluídas do proceso, así como as causas da súa exclusión. Abriuse un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións.
8. No prazo estipulado para presentación de alegacións presentáronse dous (2) escritos de alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.
3. Unha vez publicada a Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 13 de novembro de 2025, coa a lista provisional de admitidos no proceso selectivo, e a súa puntuación, e as solicitudes excluídas do proceso, abriuse un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións, no que se





presentaron dous (2) escritos, que foron estimados, e polo que se modifica a súa puntuación e a súa orde de prelación.

De acordo co anteriormente indicado e de conformidade co establecido no apartado III do Anexo A, bases da convocatoria, así como no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 149/2024, do 20 de maio polo que se modifica o Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, este Departamento Territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1. Facer pública a **lista definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo pola quenda xeral (Anexo I) e pola quenda especial (Anexo II)**, para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Vilanova de Arousa, e a **relación das persoas non seleccionadas (Anexo III)**.

2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas constituirá unha **lista de reserva** que terá unha vixencia **DUN (1) ANO**, contado desde o día seguinte ao da data desta resolución.

3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de **quinze (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución**, para achegar a documentación que figura no apartado III do Anexo A da convocatoria:

a) **Certificado de estar empadroad/a nun municipio do litoral de Galicia**. Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) **Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia**. Non será necesario no caso de ter dado o consentimento para comprobación destes datos.

No caso de percibir a renda de integración social deberá achegar escrito de renuncia a esta prestación.

c) **Documento médico que acredite non estar incapacitada para exercer as labores do marisqueo.**

d) **Fotografía de tamaño carné, actual.**

e) **Certificado de mariscadora**. Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para a súa comprobación ou xa teña sido presentado durante o proceso selectivo.

No caso de non posuílo, terá que realizar o curso a primeira vez que sexan convocada - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Esta documentación deberá dirixirse á **Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa**

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento"**.





As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

RELACIÓN DEFINITIVA DE **PERSOAS SELECCIONADAS** NO PROCESO PARA OBTENIR O PERMISO DE EXPLOTACIÓN ORDEADAS POR PUNTUACIÓN.- **QUENDA XERAL**

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	TOTAL
1	CARRO MILLÁN, SILVIA	* * * 6657 * *	3,00	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
2	DÍAZ RIVAS, TAMARA	* * * 8855 * *	3,00	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
3	LAYA OUBIÑA, DÉBORA	* * * 7674 * *	3,00	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
4	REY NOGUEIRA, ANA BELEN	* * * 6603 * *	3,00	3,00	2,60	0,50	4,00	10,00
5	VÁZQUEZ GÁNDARA, ANA MARÍA	* * * 7718 * *	3,00	3,00	3,00	0,30	4,00	10,00
6	GUTIERREZ MIGUEL, MARLENE	* * * 5510 * *	1,50	3,00	3,00	0,00	4,00	8,50
7	TUBIO GARCIA, SOFIA MARIA	* * * 6844 * *	0,75	3,00	3,00	0,00	4,00	7,75
8	GALIÑANES SANTIAGO, CRISTIAN	* * * 9825 * *	0,00	3,00	3,00	0,30	4,00	7,00
9	GONCALVES DE ALCOBACA, VERA LUCÍA	* * * 7107 * *	0,00	3,00	3,20	0,50	4,00	7,00
10	PÉREZ GARCÍA, YOLANDA	* * * 6295 * *	0,00	3,00	3,00	0,30	4,00	7,00
11	REY MORGADE, MARÍA DEL PILAR	* * * 7243 * *	0,00	3,00	3,20	0,50	4,00	7,00
12	BASCUAS ZBORON, MARÍA JOSÉ	* * * 1779 * *	2,50	0,30	0,00	0,30	4,00	6,80



ANEXO II

RELACIÓN DEFINITIVA DE **PERSONAS SELECCIONADAS** NO PROCESO PARA OBTENER O PERMISO DE EXPLOTACIÓN. **QUENDA ESPECIAL**

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	TOTAL
1	DASILVA BORGES, HENRIQUETA	* * * 1095 * *	0,25	2,90	2,60	0,30	0,00	3,15

ANEXO III

RELACIÓN DEFINITIVA DE **PERSONAS NON SELECCIONADAS** NO PROCESO PARA OBTENER O PERMISO DE EXPLOTACIÓN ORDEADAS POR PUNTUACIÓN.-
LISTAXE DE RESERVA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	TOTAL
1	GÓMEZ VIDAL, ERIKA	* * * 9124 * *	0,75	1,20	1,20	0,00	4,00	5,95
2	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, PABLO	* * * 6266 * *	0,75	1,10	0,60	0,50	4,00	5,85
3	RODRIGUEZ GARCIA, LUISA	* * * 0565 * *	2,75	3,00	2,92	0,30	0,00	5,75
4	CORES RODRÍGUEZ, RAÚL	* * * 0245 * *	0,50	0,30	0,00	0,30	4,00	4,80
5	MARTÍNEZ GARCÍA, MIGUEL	* * * 6453 * *	0,00	3,00	2,50	0,50	0,00	3,00

